

03

Robert Neal Baxter Ford,
*Brezhoneg. A lingua celta da
Bretaña*, Santiago de Compostela,
A Mesa pola Normalización
Lingüística, 2024, 237 páxinas.

Jacobo Currais Arcay
Universidade de Vigo

Orcid 0009-0008-7037-7352. xcurrais@uvigo.gal. Universidade de Vigo. España.

Da man de Robert Neal Baxter Ford, o libro *Brezhoneg. A lingua celta da Bretaña* (2024) supón un fito histórico, xa que se trata da primeira gramática completa dunha lingua celta redactada integramente en lingua galega, por non dicir un dos escasísimos libros que permiten ás persoas galegofalantes achegarse directamente a unha lingua estranxeira sen teren que pasar necesariamente por outra lingua dominante intermedia, nomeadamente, neste caso, o francés.

A obra en cuestión constitúe o froito da primeira iniciativa editorial posta en marcha pola Asociación Breizh Galiza. Isabel Kerdudo, bretoa afincada na Galiza e presidenta desta organización intercultural, escribe no limiar do libro obxecto desta recensión o seguinte: “As relacións e as raíces comúns que unen as antigas Armórica e *Gallaecia* remóntanse ao século VI”. Na mesma liña, Kerdudo engade que a gramática de Baxter busca contribuír a alcanzar os obxectivos marcados pola asociación promotora, xa que axuda a

estreitar as ligazóns de todo tipo entre os dous países [... e...] servir de punto de encontro para todas as persoas que queren tecer lazos entre os dous pobos e fomentar os intercambios, asumindo un papel activo no desenvolvemento, promoción e difusión da cultura bretoa na Galiza.

O libro viu a luz grazas á colaboración entre A Mesa pola Normalización Lingüística, responsábel da súa edición, e a Rexión da Bretaña, que brindou o seu apoio económico, nunha nova mostra de reforzamento dos históricos vínculos culturais que unen a Galiza e a Bretaña.

Profesor na Universidade de Vigo desde 1996 e autor de varios artigos académicos sobre o papel que desempeñan a tradución e a interpretación no caso de linguas minorizadas como o galego ou o bretón, Robert Neal Baxter tamén destaca pola súa dilatada traxectoria de divulgación recíproca das literaturas da Galiza e da Bretaña en lingua propia en ambos os países, e é responsábel da tradución para o bretón de obras de autores galegos como Álvaro Cunqueiro, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Séchu Sende, así como da primeira novela completa vertida directamente desde o bretón para o galego: *Unha volta polo inferno*, da escritora contemporánea Mich Beyer (Hugin e Munin, 2021).

Este afán por difundir a lingua e a cultura bretoas na Galiza dun xeito didáctico tamén transloce neste volume para que quen non teña coñecementos lingüísticos se poida achegar a este idioma. Así, alén da propia descrición gramática pormenorizada, o libro aborda elementos propios da cultura bretoa e inclúe unha guía de frases útiles deseñada para que calquera que viaxe desde a Galiza se poida facer entender na Bretaña sen ter que pasar polo francés cando se atopa cun/ha falante do bretón.

Ora ben, esta vocación divulgativa de ningún modo mingua a rigorosidade dunha gramática exhaustiva da lingua bretoa que rivalizaría con calquera das gramáticas habituais de referencia actualmente dispoñíbeis en francés e que cumprirá sobradamente as expectativas das e dos lingüistas máis exixentes á procura de coñecer en profundidade o funcionamento desta lingua celta que en moitos aspectos difire tan radicalmente de linguas romances como o galego, así como das outras familias lingüísticas indoeuropeas.

Na súa presentación inicial do bretón, *Brezhoneg. A lingua celta da Bretaña* sitúa este idioma entre a rama britónica das linguas celtas modernas, emparentado co galés e o córnico e, xa de xeito máis distante, coas linguas goidélicas modernas (irlandés, gaélico escocés e manés). A seguir, a obra describe os trazos principais dos catro grandes bloques dialectais (*gwenedeg*, *kerneveg*, *leoneg* e *tregerieg*) e fai un breve repaso da historia da lingua, así como da súa situación sociolingüística actual. Finalmente, o autor ofrece unha nutrida selección de recursos impresos e dixitais dispoñíbeis en liña, desde guías de conversación e manuais até gramáticas e dicionarios, pasando por literatura galega traducida para o bretón.

Seguidamente, o libro proporciona unha explicación detallada da grafía e da pronuncia, con transcricións no Alfabeto Fonético Internacional, e aborda aspectos chave da fonoloxía e da fonotáctica bretoas que presentan diferenzas radicais en comparación co galego, como son a neutralización e o sandhi consonánticos, así como a nasalización, a duración vocálica contrastiva (vogais longas e curtas) e o acento tónico.

O autor presta especial atención a un elemento morfosintáctico específico e común a todas as linguas celtas: o denominado fenómeno das 'mutacións'. Trátase dun mecanismo mediante o cal unha serie de consoantes iniciais mudan segundo catro padróns diferentes (lenición, provección, leniprovección, espirantización) en diferentes contextos tales como os sintagmas nominais e adxectivais e en función do xénero e o número gramaticais, despois dos adxectivos posesivos, como no exemplo do substantivo *karr* ('coche'): *ma c'harr* ('o meu coche'), *da garr* ('o teu coche'), *e garr* ('o coche del'), *he c'harr* ('o coche dela') etc.; ou no exemplo do nome *bag* ('barco'): *da vag* ('o teu barco'), *ho pag* ('o barco de vostede(s)') etc. Esta variación consonántica rexístrase a continuación de certas preposicións e afecta tamén os verbos que aparecen despois de diferentes partículas verbais cuxo uso se explica en detalle no apartado correspondente.

Na sección dedicada ao substantivo, a obra aborda entre outras cousas a cuestión do número gramatical, que en bretón tamén inclúe as distincións entre singulativo e colectivo e entre singular e dual, alén da habitual dicotomía singular/plural. O autor afonda nunha formación do plural que en bretón resulta especialmente complexa e que implica unha grande variedade de sufixos á parte do *ablaut* (variación vocálica interna), como no exemplo *alarc'h* ('cisne') → *elerc'h* ('cisnes'), ou unha combinación de ambos os fenómenos, como nos exemplos *kloc'h* ('sino, campá') → *kleier* ('sinos, campás') e *klujar* ('perdiz') → *klujiri* ('perdices'). Explícase tamén o funcionamento do *status constructus*, un trazo característico das linguas celtas e similar ao sistema das linguas semíticas, que expresa a relación xenitiva mediante a concatenación dos substantivos e a supresión de todos os artigos excepto o último, como no seguinte exemplo: *an tad* ('o pai') + *ar mignon* ('o amigo') + *ar paotr* ('o rapaz') → *Tad mignon ar paotr* ('O pai do amigo do rapaz').

Fronte ao sistema de numeración decimal, que resulta máis habitual entre as linguas europeas, outra peculiaridade das linguas celtas radica no uso do sistema vixesimal, xunto coa anteposición das unidades, como no seguinte exemplo: *Tri-c'hwec'h plac'h a pevar-ugent* (lit. {(3x6) rapaza} + (4x20)): 'Noventa e oito rapazas'. Mentres que nas outras linguas celtas modernas tende a predominar un sistema decimal alternativo actualmente, o sistema vixesimal segue a ser de uso habitual en bretón.

Dada a importancia desta categoría gramatical nas linguas celtas, o libro dedica unha sección á parte ás preposicións, que poden ser simples ou compostas e que se flexionan en función da persoa gramatical para formaren unidades fusionadas que se declinan en virtude dunha serie de padróns relacionados coa preposición en cuestión, como nos seguintes exemplos: *da* ('a') + *me* ('eu') → *din* ('a min'), *da* ('a') + *te* ('ti') → *dit* ('a ti'), *evit* ('para') + *me* ('eu') → *evidon* ('para min'), *evit* ('para') + *te* ('ti') → *evidout* ('para ti'), *a* ('de') + *eñ* ('el') → *anezhañ* ('del'), *a* ('de') + *ni* ('nós') → *ac'hanomp* ('de nós'), *hep* ('sen') + *c'hwí* ('vós/vostede(s)') → *hepdoc'h* ('sen vós/vostede(s)'), *hep* ('sen') + *int* ('elas/eles') → *hepte/hepto* ('sen elas/eles').

Antes de abordar o verbo en si cómpre expor os tres tipos de frase básicos propios do bretón, que segundo o elemento que se queira salientar varían mediante un proceso similar ao *fronting* en inglés, que consiste en colocar o foco da frase á cabeza, xa sexa o suxeito, o obxecto directo, o verbo principal ou outro tipo de complemento. Cada tipo de frase require o uso dunha partícula verbal (PTCL) determinada: *a*, que causa lenición, cando o suxeito, o obxecto directo ou o verbo vai anteposto; e *e*, que causa leniprovección, no resto dos casos. Á súa vez, o tipo de frase tamén determina a clase de conjugación: flexión persoal cero só coa marca de tempo e/ou modo verbal co suxeito anteposto; infinitivo no caso de que apareza o verbo á cabeza xunto cunha forma plenamente conjugada do auxiliar *ober* ('facer'); conjugación plena (tempo/modo e flexión persoal)

nos casos restantes. Así, por exemplo, a frase ‘Eu canto aquí’ pode formularse de tres xeitos distintos: *Me a gan amañ* (énfase sobre ‘eu’, lit. ‘Eu_{PTCL} cantØ aquí’); *Kanañ a ran* (énfase sobre ‘cantar’, lit. ‘Cantar_{PTCL} fago aquí’); *Amañ e kanan* (énfase sobre ‘aquí’, lit. ‘Aquí_{PTCL} canto’).

No que á conxugación se refire, o bretón conta con tres tempos (pasado, presente e futuro), dous modos (indicativo e condicional presente e pasado, que se corresponden aproximadamente coa distinción entre os modos *realis* e *irrealis*, aínda que sen subxuntivo) e dous aspectos (imperfectivo, que se expresa mediante tempos simples, e perfectivo, que se indica mediante tempos compostos e mesmo sobrecompuestos).

Como ocorre nas outras linguas celtas, ademais das tres persoas gramaticais correspondentes ao singular e ao plural, o bretón dispón dunha sétima persoa cero (IMPRS) que carece de pronome, que se conxuga en todos os tempos e modos e que serve para expresar o impersoal, diferente semanticamente da voz pasiva. Así, por exemplo, na frase ‘Aquí se canta’ distínguese entre *Amañ e kaner* (impersoal, lit. ‘Aquí_{PTCL} cant-_{IMPRS}’) e *Amañ e vez kanet* (pasiva, lit. ‘Aquí_{PTCL} é_{HAB} cantado’).

Préstase especial atención ao verbo *bezañ* (‘ser’), un dos poucos verbos irregulares, que presenta a moitos niveis unha complexidade considerábel, ademais de contar con dúas formas especiais que só existen no presente e no pasado e que serven para expresar a localización (*emañ*) e para formar o continuo (similar, mais non igual ao caso en galego do verbo ‘estar’ fronte a ‘ser’), xunto cunha terceira forma que se emprega para referirse a acontecementos habituais (HAB) e que intervéñ na formación da construción pasiva. Tal e como se explica, ao igual que acontece nas outras linguas celtas que carecen dun verbo ‘ter’, o uso dunha preposición flexionada (*gant*, ‘con’ en bretón) en combinación co verbo *bezañ* (‘ser’) serve para suplir esta carencia, que coexiste en bretón coa innovación do verbo *kaout* (‘ter’), altamente irregular debido ás súas orixes non verbais. A convivencia destas dúas construcións permite establecer unha diferenza comparábel —aínda que non de todo análoga— ao contraste que existe en linguas como as da familia polinesia entre a posesión alienábel e inalienábel.

Malia que, a diferenza do que ocorre en linguas goidélicas como o irlandés, si existen en bretón, as palabras *ya* (‘si’) e *nann* (‘non’) non son de uso universal para responder afirmativa ou negativamente a unha pregunta, polo que o libro expón os diferentes mecanismos lingüísticos que se utilizan en cada caso e que a miúdo implican recorrer á repetición do verbo conxugado (principal ou auxiliar) dun xeito similar ao que acontece en galego, mais cun grao de complexidade moito maior. Por último, o autor aborda tamén a frase complexa, nas súas variantes coordinada e subordinada, sen esquecer a frase relativa.

Para permitir a quen quixer ir máis alá e pór en práctica de xeito máis creativo os coñecementos gramaticais adquiridos, o libro complementase cun glosario temático galego-bretón dunhas mil palabras. O vocabulario aborda temas como o tempo (a división do día, os días da semana, os meses e as estacións do ano), a comida, a familia, os animais, os deportes, os oficios, os modos de transporte, a casa etc., e destaca en cada caso particularidades do bretón tales como o uso dunha única palabra para denotar as cores ‘azul’, ‘verde’ e ‘gris’ ou o emprego do número dual para referirse ás partes do corpo humano.

A obra tamén fornece unha listaxe na lingua propia do país dos principais topónimos bretóns, que infelizmente resultan máis coñecidos nas súas versións afrancesadas e deturpadas, xunto cunha breve explicación do significado dalgúns dos elementos morfolóxicos máis comúns da toponimia bretoa, como por exemplo *bre* (‘outeiro’), *ker* (‘lugar habitado’, ‘vila’), *koad* (‘bosque’), *plou-* (‘comunidade’, ‘parroquia’), *tre* (‘ribeira’) etc.

O mencionado glosario tamén serve para pór de relevo o xenio lingüístico do idioma bretón, que conta con compostos que emanan do maxín popular, entre os cales podemos citar, para o reino animal, os seguintes:

aourgi ('can dourado': chacal), *dourgi* / *ki-dour* ('can de auga': londra), *kazh-koad* ('gato do bosque': esquío), *ko-le-mor* ('touriño do mar': morsa), *morc'hast* ('puta do mar': quenlla), *morgazh* ('gato de mar': polbo), e *morvleiz* / *bleiz-mor* (lit. 'lobo de mar': candorca). A esta lista engadimos os seguintes exemplos correspondentes a outros ámbitos temáticos: *biñsaskell* ('á de parafuso': helicóptero), *c'hwil-tan* ('escaravello de lume': ciclomotor), *karr-nij* ('vehículo voador': avión), *marc'h-houarn* ('cabalo de ferro': bicicleta).

En definitiva, o libro obxecto desta recensión ofrece unha descrición exhaustiva de todos os aspectos da gramática bretoa moderna, desde a morfosintaxe até a fonoloxía, e establece un contraste co galego sempre que é necesario, polo que resultará útil para quen se interese na diversidade lingüística do mundo en xeral e nas linguas celtas en particular, que con esta obra terá ocasión de ampliar os seus coñecementos ao respecto a través do prisma da lingua propia da Galiza.



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística
e Literaria Galega)

Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

Secretaría

Diego Rivadulla Costa, Universidade de Santiago de Compostela (España)

Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)
Maria Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes
e Alto Douro (Portugal)

Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)
Ângela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)
Maria Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Marta Segarra, CNRS (Francia) / Universitat de Barcelona (España)
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000
ISSN/ 1576-2661
ISSN-e 2444-9121
Deseño/ Novagarda